

# **Monólogo para corpo en movemento.**

Constance Hurlé

# Presentación



## Soliloquio dialogado:

*Lara escribe no seu asento. Entra un raio de sol pola fiestra. Hai unha sombra na xanela. Escóitase o son do mar.*

Lara reflexiona coa súa sombra. Ela está confinada mentres a Sombra méxese libre no vento das Rías Baixas.

*Lara deixa a pluma e sobe á cadeira. Berra. Dun salto, sobe á mesa e comeza a facer equilibrios. Continúa así o seu discurso. Na xanela, baila a Sombra.*

Fala da crise social, da crise do sector cultural, da crise económica. Fala da inestabilidade, fala da esperanza, do amor á terra.

*Lara salta e comeza a arrastrarse polo chan.*

Lara escoita o mar, pero non pode velo. A Sombra observa o mar dende lonxe.

*A sombra sae da xanela. Lara e a súa sombra atópanse.*



Posta en escea

monólogo para corpo en movimento

# Texto

## LARA HIERRO: MONÓLOGO PARA CORPO EN MOVIMENTO

**O meu confinamento bailando xunto ao mar. Unha visión dende dentro e dende fóra.**

*Lara escribe no seu asento. Entra un raio de sol pola fiestra. Hai unha sombra na xanela. Escóitase o son do mar.*

O meu nome é Lara Hierro. Pero non son dura como o metal. Máis ben son plástica, maleable. Plastilina, vulnerable. Vivo preto do mar, tan preto que non podo tocalo, soamente velo dende a miña gaiola arboreada. No meu corpo reflíctense as ondas do mar azul. Ás veces bravo, ás veces calmo, pero sempre Atlántico. Neste recuncho da ría suspiro nos beizos do confinamento.

As horas son infinitas e o meu corpo bule saudade dun tempo que non volverá. A nova normalidade agárdanos chea de incertezas. Nos chalés prefabricados do meu redor rebota o eco dos risos ausentes. Gargalladas das nenas que non terán agosto. Dende a miña fiestra respírase o infinito, pero apenas podo intuilo. Os dous apartamentos de verán para ricos de interior ocúltanme a vista afastándome do que é meu, do meu berce de auga salgada. Auga como o líquido amniótico do ventre da miña loira nai. Loira como os raios do sol que invadeN a miña estancia sen permiso, espertando alegrías e nostalxia.

*Lara deixa a pluma e sobe á cadeira. Berra. Dun salto, sobe á mesa e comeza a facer equilibrios. Continúa así o seu discurso. Na xanela, baila a súa sombra.*

Todas nós. Todas e cada unha das miñas compañeiras mantéñense sobre a punta dun único pé. É o pé da incerteza. É a patada á marxe. É a vida no límite da invisibi-

lidade. Non morremos de fame, porque Galicia é fértil. Pero os nosos petos baléiranse con cada día de clausura. Nacemos para bailar ás vosas frontes, non para fuxir como animais feridos. Agochámonos no cotián. Eu aprendín a facer pan. Ti non podes comelo. Os produtos sen glute son demasiado caros para un fogar onde todo traballo foi cancelado. Non temos nada, non existimos. Aínda así, cada día que pasa consumides horas das nosas vidas. Somos o voso lecer e a nosa propia morte. Vós, os ricos de interior, queredes ver como movemos os nosos cus para contarvos historias a cambio de moedas de cobre. Nos mirades dende lonxe pensando que somos narcisos. Mendigamos cobre con sabor a dignidade. Están envelenadas. Os likes no meu instagram non alimentan o meu prato e o perexil da miña horta está sen follas. Boteillas todas ó último prato de arroz que me sobrou do Nadal (...)



lara hierro: monólogo para corpo en movemento

# Ficha

## FICHA TÉCNICA

### Duración

20 minutos

### Equipo

Amplificador

### Escenografía

Dúas estruturas de papel de periódico  
de 2 m<sup>2</sup>

Libreta

Bolígrafo bic negro

## RIDER TÉCNICO

Espazo escénico delimitado

Dous focos cenitais

Toma eléctrica

Mesa de son

## FICHA ARTÍSTICA

### Dirección e dramaturxia

Constance Hurlé

### Espazo sonoro

Rui Grenha

### Intérpretes

Clara Ferrao, Constance Hurlé

### Colaboración musical

Martiño Malleiro Díaz

### Asesora escénica

María Llanderas

### Corrector lingüístico

Alexandre Román

### Imaxe audiovisual

Juan Blanco

### Agradecementos

Café Literario Plantas de Interior



lara hierro: monólogo para corpo en movemento



Premio do público ó mellor espectáculo  
FIOT 2020

# Constance Hurlé

## Constance Hurlé

Licenciada en filoloxía clásica pola Universidade de Santiago de Compostela e titulada no *Máster en Investigación en Estudos do Teatro pola Universidade Autónoma de Barcelona*. Comeza dende moi pequena facendo teatro e pasará ao longo da súa vida por diferentes disciplinas e escolas de artes escénicas e danza, destacando en *Escola Integral do Creador Escénico Vladimir Tzekov* en Granada e *A Artística Vigo* da man de Olga Cameselle. Formouse de xeito alternativo e asistiu a diversos festivais de danza coma o Herdanza en Santiago de Compostela ou obradoiros monográficos con persoas tales tomou Janusz Subicz en Barcelona. Participou na escenificación da peza "Dancers" de Sonia Gómez, no Festival Corpo a Terra en Ourense. Está constantemente formándose en disciplinas do movemento. No plano teórico participa e asiste a congresos de artes escénicas de forma activa e formou parte do CIJIET. Colaborou coma performer

e bailarina en proxectos tales coma o videoclip *Charleston* dos Alley Stompers ou a mostra de fotografía "What do you see" de Erdie J. O seu primeiro proxecto poético musical persoal é *A mazá de Rosalía* (2016). Preséntase en solitario coma performer e participa en festivais como o Keruac(2018) ou o FNL(2018) en Vigo. Dirixe o proxecto *Constance Hurlé* onde conxuga a poesía e a escena navegando polos xéneros híbridos. Ten un dúo poético musical con Rui Grenha, ademáis de participar noutras iniciativas interdisciplinares. Leva dous poemarios publicados e musicados: *bicmordido* (2017, Ed. Carena) e *hacialaluz: poesía, sonido, imagen* (2019, Ed. L Fábrica de libros), alén dun fanzine poético autoeditado. Fai literatura coma medio de expresión das emocións e crítica social. Ama a música e baila swing ata caer morta.



foto: Erdie j.

# Clara Ferrao




foto: Cris Flava

## Clara Ferrao

Comeza os seus estudos de nena en Vigo. En Madrid descubrirá a danza contemporánea na escola "Carmen Senra". Ingresa no "Real Conservatorio Profesional de Danza Mariemma", Madrid, onde gradúase na especialidade de danza contemporánea. Realiza o máster en "Danza e Artes do Movemento" na UCAM. Asiste a diversos festivais de danza ademais de realizar distintos cursos e obradoiros con profesionais e compañías da talla de DV8, Ben Furi, Shlomi Bitton, Koka Efthimiadou, Sharon Fridman, Les Slovacks, Laura Aris, Jorge Jauregui, Alain Gruttadauria, Tory Trotter, David Zambrano, Ceren Oran, Lali Agyuade, entre outros, traballando distintas técnicas de danza e teatro. Participa en diversos eventos coa Fura dels Baus, ciclo de concertos del Claustro Gótico da Catedral de Tui, musical "Galicia Canibal", con coreografía de Mónica García e Janet Novás, "Silencio por favor"

de Licenciada Sotelo e "Garage" da compañía de teatro Voadora. Tamén destaca o seu papel como coreógrafa e bailarina en distintas creacións en colaboración con outros colectivos. Con "Pies de plomo" viaxa a México e con ela obtén unha bolsa de residencia en Barcelona e unha bolsa de formación no Certame Coreográfico Distrito de Tetuán e no Certame de Artes do Corpo respectivamente. Os seus últimos traballos son "Miñaxoia", premiada no Certame de Artes do Corpo de Ourense 2019, no certame de La Espiral Contemporánea de Santander 2019 e no DZM '18 e "Desexo", pezas creadas baixo a dirección de Maximiliano Sanford Monte. Actualmente compaxina a súa traxectoria profesional como bailarina coa da ensinanza, impartindo clases regulares, obradoiros e jams en diferentes centros e festivais, presidindo a Asociación de Danza de Gondomar.

# Contacto

Constance Hurlé

+34 620.56.41.87

[info@constancehurle.com](mailto:info@constancehurle.com)

[constancehurle.com](http://constancehurle.com)

[Canal Constance Hurlé](#)



monólogo para corpo en movimento